

CADRO RESUMO

Datas 5 días seguidos: do xoves 4 ao luns 8 de decembro (ambos incluídos).

Prezo Tapa a 2,50 € (bebida non incluída).

Mecánica 1 cuño por persoa e por local ao mercar a tapa. Entrega de tarxetas en calquera local participante mentres dura o concurso.

Participación Completa a tarxeta con 8 cuños (todos os locais) para entrar nos sorteos.

Premios 3.000 € en vales (4×250€ · 5×200€ · 8×75€ · 8×50€) + **Gran Cesta de Nadal**

1. Locais participantes e horarios

Local	Enderezo	Días de servizo	Días que pechan	Horario
A de Torino	Rúa Dous de Maio, 31	Xoves, Venres e Sábado	Domingo e Luns	20:00–23:00
5 Rutas	Rúa Constitución, 55	Xoves, Venres, Sábado, Domingo e Luns	—	20:00–23:00
La Central Heladera	Praza Maior, 4	Xoves, Venres, Sábado, Domingo e Luns	—	20:00–23:00
Meigallo	Rúa Lepanto, 5	Xoves, Venres, Sábado, Domingo e Luns	—	20:00–23:00
Monforte	Rúa Curros Enríquez, 5	Xoves, Venres, Sábado e Domingo	Luns	20:00–23:00
Parque	Rúa do Toural, 7	Xoves, Venres, Sábado e Luns	Domingo	20:00–23:00
Río Salas	Rúa Río Salas	Venres, Sábado, Domingo e Luns	Xoves	20:00–23:00
Rosalía	Rúa Rosalía de Castro, 3	Xoves, Venres, Sábado*, Luns	Domingo	13:00–22:00

2. Entidade organizadora

Concello de Xinzo de Limia (CIF P3203300C). Enderezo: R/ Curros Enríquez, 15, 32630 Xinzo de Limia (Ourense). Correo xeral: alcaldia@xinzodelimia-ayto.com.

3. Calendario e prezo

- **Celebración:** do xoves 4 ao luns 8 de decembro (5 días seguidos, incluído o luns festivo).
- **Prezo único por tapa:** 2,50 € (bebida non incluída).

4. Participación dos establecementos

- **Unha única tapa** por local durante toda a ruta.
- **Horarios obrigatorios:** cada local facilitará os seus horarios de servizo con total liberdade (mediodía/noite por día) para publicación no mapa/web. **Na primeira páxina constan os horarios de cada establecemento e figurarán tamén na tarxeta de participación.**
- **Axilidade no servizo** para favorecer rotación fluída.
- **Uso de imaxe:** autorízase o uso do nome do local e da tapa, e imaxes das tapas/establecementos, nas comunicacións do evento.

5. Mecánica de participación (clientela)

- **1 cuño por persoa e por local ao mercar a tapa.**
- Tarxeta persoal.
- Entrega de tarxetas en calquera local participante mentres dura o concurso.
- Válidos unicamente os cuños orixinais asignados a cada local.

6. Bases de participación

Para optar aos premios, a persoa participante deberá **completar os 8 cuños** (un de cada un dos oito locais), sen marxe de erro.

7. Premio Popular PATAPAS 2025 (votación da clientela)

- O pasaporte inclúe un espazo para votar as tapas favoritas.
- **Tódalas tarxetas completas poderán votar ata 3 tapas**, e os 3 votos terán o mesmo peso (non se pode votar máis dunha vez ao mesmo local no mesmo pasaporte).
- Incompatibilidades: non poderá votar a prol dun local a persoa propietaria nin o persoal dese establecemento.
- Recoñécese un gañador/a e dúas finalistas. O Concello poderá contar con eles para accións públicas de promoción ao longo do próximo ano.

8. Premios ás persoas participantes (vales de consumo) – TOTAL 3.000 €

Desglose	Importe
4 vales	250 €
5 vales	200 €
8 vales	75 €
8 vales	50 €

Importe total en premios: 3.000 € en vales.

9. Gran Cesta de Nadal – “primeira tarxeta completa”

- Premio especial para a **primeira persoa** que complete a tarxeta (**tódolos locais sen excepción**) e a **entregue no mesmo local** onde conegue o último cuño.
- O local que recibe a entrega **comunicará inmediatamente** ao **grupo de Whatsapp** da organización; **rexistrando a hora de recepción.**

- Realizarase unha **foto no momento**, enviada ao grupo de Whatsapp da organización, como elemento probatorio. **A hora de aceptación** será a exacta na que se envíe a imaxe probatoria de que a persoa rematou todos os establecementos.
- En caso de empate, resolverase pola **primeira imaxe enviada ao grupo**.

10. Sorteo e comunicación de persoas gañadoras

- Sorteo final entre todas as tarxetas completas entregadas nos locais participantes; a data e lugar comunicárase polas canles municipais.
- As persoas gañadoras serán contactadas exclusivamente por **teléfono** para recollida do premio.
- Posibles verificacións de cuños/participación antes da adxudicación definitiva.

11. Protección de datos

- **Responsable:** Concello de Xinzo de Limia (CIF P3203300C).
- **Datos tratados:** información identificativa e de contacto que figure na tarxeta/pasaporte (ex.: nome e teléfono) e os votos emitidos.
- **Finalidade:** xestionar a participación, a votación popular, o sorteo e a comunicación coas persoas gañadoras.
- **Base xurídica:** consentimento das persoas participantes (art. 6.1.a RGPD).
- **Conservación:** polo tempo imprescindible para a finalidade e, se procede, para atender posibles reclamacións.
- **Destinatarios:** non se prevén cesións a terceiros agás obriga legal. Non hai transferencias internacionais.
- **Dereitos:** acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e retirada do consentimento a través de alcaldia@xinzodelimia-ayto.com. Reclamación ante a AEPD (www.aepd.es).

12. Exoneración de responsabilidade

A entidade organizadora non responderá por incidencias imputables a terceiros que afecten ao desenvolvemento da mecánica do concurso ou ao goce dos premios, nin polo mal uso que calquera persoa gañadora faga do premio obtido.

13. Prórrogas ou suspensións

En caso de forza maior allea ao control da organización, poderanse introducir cambios, acurtar, ampliar ou suspender o período do concurso, dándolles a publicidade necesaria.

14. Descualificacións e penalizacións

A organización poderá descualificar ou penalizar a quen incumprise as bases ou actúe de forma fraudulenta.

15. Aceptación das bases

A participación na ruta e nos sorteos implica a aceptación íntegra destas bases.